


GRAMÁTICA: A ORACIÓN: SUXEITO E PREDICADO

- Unha oración é un conxunto de palabras ordenadas de maneira que teña sentido completo.
 - **Suxeito:** é a parte da oración que nos di quen realiza a acción.
 - **Predicado:** é a parte da oración que nos di que fai ou como está o suxeito. O núcleo do predicado é un verbo.



1. Completa:

O suxeito é

O predicado é

2. Indica cal é o **suxeito** e cal o **predicado** nas seguintes oracións:

A cadelinha de Martiño oubeaba de medo.

Carmela ten unha bicicleta de montaña.

Mañá, Mariña, terá un exame.

O avó de Lois mercou unha caixa de cereixas.

El recibira unha carta do seu amigo.

Maruxa arrimou a porta.

Debaixo das árbores xogaban os nenos.



3. Une cada suxeito co seu predicado:

Os merlos

A noiva de Cibrán

O veciño de Martina

O gato de Alejandro

A miña avoa

é a rapaza loira.

cazou un pardal.

teñen o niño na silveira.

está mañá de aniversario.

gañou a carreira de Brión.

4. Escribe predicados para os seguintes suxeitos:

O barco de vela

O novelo dos avós

Nós

A rúa da Maía

Unhas cativas